



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingüística Informática e de Corpus Aplicadas á Lingua Inglesa

Materia	Lingüística Informática e de Corpus Aplicadas á Lingua Inglesa			
Código	V01M121V01202			
Titulación	Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Yáñez Bouza, Nuria			
Profesorado	Tizón Couto, David Yáñez Bouza, Nuria			
Correo-e	nuria.y.b@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	<p>Este curso ofrece unha introdución á lingüística de corpus e á metodoloxía baseada en traballos de corpora para o estudo da lingua inglesa. Trataranse aspectos de deseño, compilación e análise de materiais de corpus. Nas sesións prácticas o alumnado aprenderá a facer buscas con ferramentas software. O alumnado desenvolverá a habilidade de describir e debater a variación lingüística e a determinación do cambio e variación lingüísticos por medio de exemplos en corpus.</p> <p>As/os estudantes deste curso adquirirán competencias en:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> os principios e metodoloxías da lingüística de corpus da lingua inglesa; <input type="checkbox"/> o uso práctico de corpora e ferramentas software; <input type="checkbox"/> debater lecturas no eido da lingüística de corpus; <input type="checkbox"/> presentación dos resultados da súa investigación. 			

Competencias

Código	
B1	Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B3	Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B4	Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B6	Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B7	Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B8	Autonomía progresiva na aprendizaxe, procura propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B9	Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses.
C3	Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.
C11	Capacidade de aplicar métodos de investigación cuantitativa e cualitativa, de executar varios procedementos de recolleita e análise de datos e de utilizar software específico para a investigación en lingüística inglesa.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Habilidade para deseñar, compilar e analizar datos de corpora, incluíndo o uso de ferramentas de software para a búsqueda, extracción e filtro de datos. Habilidade para interpretar a información en forma de gráficas, táboas, diagramas, etc. Habilidade para aplicar métodos estatísticos aos datos obtidos.	B3 B9	C3 C11
Desenvolvemento das habilidades no contexto académico. Habilidade de deseñar un proxecto (case study), cun argumento sólido e lóxico, facendo uso de fontes bibliográficas. Capacidade de comunicar e presentar o proxecto nun estándar académico axeitado a nivel MA.	B1 B4 B6 B7 B9	C11
Práctica das competencias e estratexias relevantes para un programa de mestrado, por exemplo a eficacia do uso do tempo, o cumprimento coas datas de entrega de traballos, a aprendizaxe autónoma, as lecturas fóra da aula, o uso de bases de datos bibliográficas, etc. Aprendizaxe das convencións académicas en aspectos como a notación de termos lingüísticos e as notacións bibliográficas.	B7 B8 B9	C3
Familiarización coas estratexias axeitadas para unha comunicación óptima da presentación oral, incluíndo a presentación do handout e a Power Point.	B7 B8	C3
Adquisición dun bo coñecemento do eido lingüístico, dos principios e das metodoloxías da lingüística de corpus na lingua inglesa. Desenvolvemento das destrezas para describir e debater variación na lingua e sobre a evidencia empírica en exemplos reais documentados en corpora. Desenvolvemento das habilidades intelectuais para identificar métodos axeitados de compilación de datos, e aprendizaxe para levar a cabo investigación lingüística dun xeito apropiado e ético.		

Contidos

Tema	
1. Introduction	Description vs. theory. Corpus vs. computational linguistics. Brief history of corpus linguistics.
2. What is a corpus?	Defining a corpus. Types of corpora. Main corpus resources for linguistic research.
3. Corpus design and compilation	Sampling matters: e.g. size, representativeness, collecting and computerizing data, storage and copyright.
4. Corpus annotation	Tagging, parsing and other types of annotation.
5. Data retrieval	Software tools. Precision and Recall. Concordances and queries. Keywords, word lists, frequency lists, etc.
6. Data analysis	Quantitative and qualitative analyses. Normalised frequencies and frequency distribution. Statistical significance.
7. Applications of corpora for the linguistic analysis of English	Selection of case studies on lexicon, grammar, discourse markers, register variation, historical change, sociolinguistics, etc.
8. Hands-on demonstrations with a selection of corpora	Hands-on demonstrations with a selection of corpora

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Lección maxistral	8	0	8
Resolución de problemas	3	38	41
Traballo	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte das profesoras dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Resolución de problemas	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (na aula, no despacho durante horas de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
-------------------------	---

Probas	Descrición
Traballo	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (na aula, no despacho durante horas de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais: atención, comentarios e preguntas ao fío das explicacións e resolución de actividades encomendadas.	15	B1 C3 B6 B7
Resolución de problemas	Resolución de exercicios, problemas ou pequenos traballos que o alumnado realizará en clase ou de forma autónoma fóra da aula.	55	B1 C3 B6 C11 B7 B8 B9
Traballo	Proba final cun compoñente práctico e teórico. O/A estudante deberá facer unha exposición oral de un caso práctico, na que se valorarán os contidos e a presentación en si, que deberá estar en soporte PPT ou semellante.	30	B1 C3 B3 C11 B4 B7 B9

Outros comentarios sobre a Avaliación

(I) PRIMEIRA CONVOCATORIA DE ACTASA avaliación consiste de 3 compoñentes como se describe na parte superior:

- 15% = Participación e implicación do alumnado.
- 55% = Resolución de exercicios e traballos prácticos na clase ou de forma autónoma. Dependendo do tipo de exercicio, a entrega será vía FAITIC/TEMA ou en por escrito.
- 30% = Presentación oral dun traballo teórico-práctico. A presentación deberá ir acomoañanda dun handout e dunha Power Point, que serán entregados via FAITIC/TEMA con antelación.

(II) SEGUNDA CONVOCATORIA DE ACTASO alumnado deberá repetir as partes suspensas na primeira convocatoria, se estas son os exercicios prácticos ou o traballo final; a avaliación da participación non é recuperable. Nesta segunda oportunidade o traballo final será en formato essay, cunha extensión entre 2000 e 3000 palabras, excluindo referencias.

(III) ALUMNADO EXENTO DE ASISTIR A CLASEO alumnado entregará todos os exercicios cun valor de 60% e entregará un traballo final en formato essay con valor de 40% da nota final (extensión entre 2000 e 3000 palabras, excluindo referencias).

NB. Todos os exercicios e traballos serán feitos e escritos en lingua inglesa. A corrección lingüística e o uso formal de convencións no eido da lingüística son indispensables. Xa que logo, erros de tipo grammatical ou ortográficos serán penalizados.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

McEnergy, T., R. Xiao and Y. Tono, **Corpus-based language studies**, 1, Edinburgh University Press, 2006

Cantos, P., **Statistical methods in language and linguistic research**, 1, Equinox, 2011

Lindquist, H., **Corpus linguistics and the description of English**, 1, Edinburgh University Press, 2009

Hunston, Susan, **Corpora in applied linguistics**, 1, Cambridge University Press, 2002

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Variación e Cambio na Lingua Inglesa/V01M121V01201

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Métodos e Recursos de Investigación Lingüística e a súa Aplicación á Lingua Inglesa/V01M121V01101

Outros comentarios

Este curso será impartido en lingua inglesa.

A asistencia presencial neste curso é obrigatoria. Espérase que o alumnado realice tódolos traballos, exercicios e lecturas, e que asista a clase preparado para debatilos. Esperáse tamén que o alumnado consulte a plataforma virtual FAITIC regularmente, e que consulten o correo da universidade, pois as novidades e anuncios serán comunicados fundamentalmente por correo.

Non se tolerará ningún tipo de plaxio, e de cometerse éste será penalizado severamente cun suspenso na totalidade da materia. Alegar descoñecemento non eximirá a/o estudante da súa responsabilidade.
